

CONVENIO DE COLABORACIÓN DEPORTIVA DE CESIÓN DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ENTRE O CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS-CHUO)

Ourense, na data da sinatura dixital (22.12.2023)

Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137//2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Don Aníbal Pereira Novoa con DNI ***7755**, en nome e representación do Consello Municipal de Deportes, con domicilio en Pardo Cela, 2, 32003 de Ourense e CIF: P 82.600.01 F, actuando como Presidente do CMD en virtude do artigo 12.1 dos Estatutos do Consello Municipal de Deportes, por delegación da Alcaldía conforme ao decreto núm. 2023006277 do 26.07.2023.

Ámbolos dous interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectivamente competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración deportiva de uso das instalacións deportivas que se detallan no mesmo.

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Consello Municipal de Deportes ten entre os seus obxectivos prioritarios, e así o recoñecen os seus estatutos, o fomento e a promoción do deporte, facilitando o uso das instalacións deportivas municipais a aquelas persoas ou colectivos que o solicitan, en especial a aqueles cuxos fines son o fomento de actividades para a iniciación deportiva. Segundo se contempla no artigo núm. 8 da ordenanza fiscal reguladora de taxas por uso e prestacións de servizos nas instalacións deportivas municipais, o Consello pode establecer convenios para o desenvolvemento de programas deportivos con entidades que promoción no deporte ou as actividades con colectivos de carácter social e que poidan beneficiarse nunha maior operatividade no seu funcionamento.

Que os mesmos estatutos de CMD recollen, no seu artigo 7, que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes pode acordar a exención de prezos públicos no caso de que os programas ou actividades teñan carácter social.

Segundo. Que o Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras-CHUO) a través do Hospital de Día de Saúde Mental desenvolve un programa terapéutico dirixido aos seus pacientes, baseado no deporte. Por este motivo, dende hai máis de dez anos os pacientes do Hospital de Día acoden semanalmente ás instalacións do Pavillón dos Remedios para a realización de actividades deportivas dirixidas á mellora da súa calidade de vida, sendo o sedentarismo unha característica moi común na poboación con trastorno mental grave. Tal e como se indica na solicitude presentada pola entidade, o exercicio físico regular pode ser un enfoque coadxuvante do tratamento de trastornos mentais.

Ata o de agora o Complexo Hospitalario de Ourense abonaba as facturas que dende a Administración do Consello Municipal de Deportes se emitían en concepto de prezo público pola utilización das instalacións. Sendo unha administración pública e sendo a finalidade do uso das instalacións de natureza social, dende a entidade solicítase a sinatura dun convenio de colaboración para o **acceso gratuíto** ás instalacións conforme á normativa do Consello Municipal de Deportes.

Terceiro. O Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense acordou na súa reunión do pasado día 9 de novembro de 2023, aprobar o asinar un convenio de colaboración para o uso de instalacións deportivas co Servizo Galego de Saúde (xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras-CHUO).

Á vista do cal, ambas partes:

ACORDAN

Primeiro. Obxecto

1. O Consello Municipal de Deportes facilitaralle ao Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras-CHUO) o uso do Anexo do Pavillón dos Remedios para a práctica deportiva dos pacientes do Hospital de Día de Saúde Mental, supervisada polos profesionais da entidade. Os días e horarios, son os seguintes:

- a) Instalacións: Anexo do Pavillón dos Remedios (1/3 do fondo).
- b) Días e horas: todos os venres do ano de 10h.00 ás 11h.00 e das 12h.00 ás 13h.00.

2. O uso das instalacións estará condicionada á posible celebración de eventos e competicións deportivas. Nese caso, dende a Coordinación Deportiva do Consello Municipal de Deportes avisarase aos responsables do Hospital de Día da imposibilidade do uso da instalación, cunha antelación mínima de 24 horas.

Segundo. Obrigas do Servizo Galego de Saúde

1. O Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras-CHUO) comprométese ao uso debido das instalacións e dos seus equipamentos, debendo comunicar ao Consello os incidentes que se produzan e sendo responsable de arranxar os posibles desperfectos, en caso de mal uso dos mesmos.

2. Para poder acceder ao recinto deportivo, os pacientes do Hospital de Día virán sempre acompañados dunha persoa responsable que identificará aos asistentes e permanecerá na instalación ata o remate das actividades programadas.

Terceiro. Financiamento

1. De acordo co estipulado nos artigos 7 e 8 da ordenanza de prezos públicos do Consello Municipal de Deportes, terán acceso gratuíto as actividades conveniadas no presente acordo, de conformidade co sentido social desta actividade e o colectivo ao que vai destinado.

2. O presente convenio de colaboración no suporá ningún gasto para o Servizo Galego de Saúde, nin polo tanto á Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Cuarto. Condicións de uso

1. O Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras-CHUO) non poderá usar as instalacións especificadas no presente convenio para actos, actividades, eventos e partidos que non fosen previamente postos en coñecemento do Consello Municipal de Deportes e autorizados polo mesmo.

2. O Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras-CHUO) no momento de asinar este convenio dá a súa conformidade a adecuación das instalacións para a realización das actividades deportivas previstas e acepta as normas de uso e acceso as mesmas.

3. Soamente farán uso das instalacións deportivas municipais nas condicións especificadas no presente convenio as persoas que teñan a condición de pacientes do Hospital de Día de Saúde Mental do Hospital Universitario de Ourense (CHUO)

Quinto. Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia de catro anos a contar dende a súa sinatura. Con todo, a partes de mutuo acordo, poderán preceder a sinatura da súa prórroga, que deber ser subscrita con anterioridade a data de vencemento. A duración máxima do convenio respectará os límites temporais previstos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os termos do presente convenio poderán ser modificados de mutuo acordo entre as partes asinantes e esta modificación se incorporará como parte inseparable do texto do convenio.

Sexto. Resolución

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto e por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime das partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por declaración xudicial de nulidade.
- Por calquera outra causa prevista nas leis.

En caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos até a data en que esta prodúzase.

Sétimo. Ausencia de vínculo laboral

A subscrición do convenio non comporta relación laboral contractual ou de calquera outro tipo, entre o persoal do Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ourense.

Oitavo. Comisión de seguimento

Para garantir a correcta execución deste convenio crearase unha comisión de seguimento e vixilancia integrada polo xerente e o coordinador deportivo do Consello Municipal de Deportes e as dúas persoas que se designen pola Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. As súas funcións serán as de resolver cantas cuestións poidan xurdir da interpretación e o cumprimento do presente convenio, así como as de levar a cabo o seguimento da normal execución das actuacións previstas no mesmo, determinando os criterios e modos para posibilitar a mutua información e adecuado cumprimento dos compromisos respectivos.

Durante a vixencia do convenio e a proposta de calquera das partes, a comisión reunirse previa convocatoria, sempre que o requira o desenvolvemento do convenio. O quórum necesario para a válida constitución da comisión será o da maioría dos seus membros, adoptándose os seus acordos por maioría de votos.

Noveno. Confidencialidade e protección de datos

1. Ambas partes consideran confidencial toda a información a que poidan chegar a ter acceso da outra parte durante a execución do presente convenio de colaboración e con posterioridade ao mesmo.

2. As partes comprométense, así mesmo, a non efectuar usos nin cesións non autorizados de datos persoais, recollidos na aplicación do presente convenio, así como a a preservación da información durante os períodos fixados na normativa vixente, manténdoa nos soportes axeitados e coa destrución controlada de toda aquela información de apoio considerada como non imprescindible.

A regulamentación nesta materia fundaméntase nas disposicións previstas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de

2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais (LOPD).

Décimo. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

1. A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, e á Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bon goberno.

2. O presente convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Undécimo. Réxime xurídico e controversias.

1. O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa conforme ao disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio, deberán liquidarse, de mutuo acordo, a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava.

2. Tentada sen éxito a vía da comisión de seguimento, competará á Xurisdición Contencioso Administrativa a resolución das cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, de conformidade coas previsións contidas na Lei 29/1998 de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba da súa conformidade con todo canto antecede, subscríbese por triplicado exemplar o presente convenio, por ámbalas partes.

O conselleiro de Sanidade
(P.D. de sinatura 19.12.2023)
O xerente do Área Sanitaria de Ourense,
Verín e o Barco de Valdeorras

O presidente do Consello Municipal de
Deportes de Ourense

Félix Rubial Bernárdez

Aníbal Pereira Novoa